



GUÍA DE LECTURA-FÍSICA E QUÍMICA

Novelas actuais de carácter científico

Título:	La clave secreta del Universo	
Autor:	Lucy and Stephen Hawking	
Editorial:	Montena	
Recomendado para:	1-3ºESO	
Sinopse	George é un rapaz con inquietudes pero os seus pais son moi ecoloxistas e non queren oír falar de ordenadores ou tecnoloxía...pero entón aparece un veciño novo e todo cambia. O Universo, algo que sempre o tivo fascinado, empeza a non ter segredos para el.	
Comentario	Este é un libro que pretende divulgar coñecementos científicos básicos sobre o Universo para os máis pequenos...por iso o gran Stephen Hawking, quizais o científico máis extraordinario vivo actual, recorre á súa filla Lucy para contar unha historia para nenos, dun modo moi clariño, e de paso deixar caer algún concepto de nivel...Todo isto con esquemas, gráficos, ilustracións...Son <u>224 páxinas</u> pero moi sinxeliñas de ler. A historia é algo infantil pero entretén e ensina, que é o que importa.	

Título:	El origen del Universo	
Autor:	Lucy and Stephen Hawking	
Editorial:	Montena	
Recomendado para:	1-3ºESO	
Sinopse	En Suíza, no CERN, está en marcha o LHC, cun obxectivo claro: descubrir como foron os primeiros instantes do Universo. Pero hai un plan para sabotalo. Os rapaces George e Annie tentaran desbaratalo. ¿Conseguirano?	
Comentario	Continuación da colección de libros escritos en colaboración pai-filla Hawking para divulgar os conceptos máis interesantes do Universo. Agora os protagonistas infantís, George e Annie teñen unha nova misión: salvar ao mundo dun perigo importante. Empezan entón unha aventura onde, coma sempre, van aprendendo moitas cousas sobre o Universo, como se formou, como evolucionou... <u>248 páxinas</u> escritas nun formato infantil, fotos, esquemas, explicacións didácticas mesturadas cunha historia de aventuras moi amena. Ideal para cursos baixos da ESO.	